



.....

Xornada

40 anos de políticas culturais, a debate

.....

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Martes, 18 de xaneiro de 2022



En 2021 cumpríronse 40 anos da recuperación da autonomía política para Galicia. O proceso de descentralización das competencias do Estado cara a comunidades autónomas e municipios foi acompañado por un incremento dos recursos dispoñibles nas mans das administracións públicas co obxecto de atender as novas necesidades e dereitos.

Nese contexto, as políticas culturais foron adquirindo un protagonismo até entón descoñecido. As primeiras corporacións municipais democráticas, nas que participaron activistas dun vizoso asociacionismo cultural, deron un impulso á cultura mediante a dotación de infraestruturas (bibliotecas, museos, teatros e auditorios, casas da cultura) e a contratación de persoal especializado nos concellos.

Pola súa parte, a nacente Xunta de Galicia asumiu o mandato derivado do novo marco legal e comezou a despregar unha serie de medidas encamiñadas á “defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego”, tal e como reza o Estatuto de autonomía. Ademais doutras, entre 1983 e 1985, aprobouse a Lei de normalización lingüística (1983), e constituíronse o Consello da Cultura Galega (1983), o Centro Dramático Galego (1984) e a CRTVG (1985).

Desde entón até hoxe, foron diversos os gobernos encargados de xestionar a cultura autonómica, acometendo políticas con diferente acento e enfoque, asignando recursos económicos dispares e creando novos organismos que foron configurando o actual mapa institucional da cultura galega.

Logo de catro décadas de políticas culturais propias, semella que temos perspectiva suficiente para poder facer un balance das luces e das sombras, dos acertos e dos erros, e avaliar até que punto se conseguiu a misión da “defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego” ou, mesmo, se ese obxectivo segue vixente ou se cumpriría que fose actualizado/enriquecido.

Coa organización destas xornadas, o Consello da Cultura Galega quere propiciar un diálogo aberto que nos permita identificar as temáticas históricas máis relevantes, as fases principais e os fitos máis significativos das políticas culturais autonómicas neste extenso (e intenso) período.

Programa



16:15 horas
Presentación

16:30 – 18:00 horas
Mesa redonda
*As institucións culturais da
autonomía*
Modera: **David Lombao**, director do
xornal dixital *Praza Pública*

- **Luís Álvarez Pousa**, director da
revista *Tempos Novos* e exdirector
xeral de Cultura
- **M^a Xosé Porteiro**, xornalista
- **Marcos Lorenzo**, técnico de Cultura
do Concello de Ferrol e membro da
Comisión

18:00 horas
Pausa

18:15 – 19:45 horas
Mesa redonda
*40 anos de políticas culturais: etapas
e fitos significativos das políticas
autonómicas*
Modera: **Dolores Vilavedra**,
coordinadora da Comisión

- **Xavier Campos**, asesor da política
cultural da Deputación da Coruña e
membro da Comisión
- **Xesús Lage**, profesor titular de
Socioloxía da Universidade de Vigo
- **Mercedes Rosón**, concelleira de
Urbanismo, Vivenda, Cidade
Histórica, Acción Cultural e Igualdade
do Concello da Santiago de
Compostela
- **Xavier Senín**, exsubdirector xeral de
Cultura e tradutor

Organiza

Comisión Técnica Temporal de Xestión e Políticas Culturais (CCG)
Consello da Cultura Galega

Coordina

Xavier Campos
Marcos Lorenzo
Dolores Vilavedra

Lugar

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

Inscrición

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado.
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Máis información

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

Organiza:

